



# IV CONCURSO DE BANDAS EMERXENTES FESTIVAL ROCK IN RIAN 2025

## BASES

### I. PARTICIPANTES

- O concurso non ten limitacións de idade, pero os/as menores que queiran participar deberán cumprimentar e enviar ao noso enderezo electrónico ([emerxentesrockinrian@gmail.com](mailto:emerxentesrockinrian@gmail.com)) a autorización en anexo.
- Poderá participar todo grupo/artista que estea dentro do rock, rap, ska e outros xéneros non-comerciais.
- Poderá participar calquera banda con traballos discográficos propios e auto-editados.
- Non poderán participar no concurso aqueles grupos que actualmente posúan un contrato discográfico en vigor cunha compañía multinacional.
- Quedará eliminado do concurso calquera agrupación que non cumpra ou acepte as presentes bases.

### II. INSCRIPCIÓN

- A inscrición ao concurso realizarase a través do noso correo electrónico ([emerxentesrockinrian@gmail.com](mailto:emerxentesrockinrian@gmail.com)).
- Cada proposta deberá ir acompañada dun vídeo musical, ben sexa vía link dun vídeo rexistrado na plataforma YouTube ou un arquivo de vídeo.
- O vídeo musical debe ser dun tema propio, con música e imaxe (ben sexa fixa ou en movemento) de propiedade da banda.
- NON se admitirán vídeos que recollan copias/versións doutros artistas.
- NON serán válidos vídeos nin cancións que presenten contido xenófobo, homófobo, racista ou discriminatorio contra calqueira individuo/a ou colectivo.
- O prazo remata o 5 de febreiro ás 23.59h.

### III. CONCURSO

- O concurso dividirase en dúas roldas, unha primeira de eliminatorias e unha fase final.
- Corresponderalle ao público votar polas súas bandas favoritas en cada eliminatoria. Na fase final, o voto popular combinarase co dun xurado integrado por artistas da contorna e unha representación da organización.
- Celebraranse de tres eliminatorias presenciais, entre as que se dividirá a totalidade das agrupacións participantes e das que sairán tres clasificadas directas (as que máis votos acadaran en cadansúa eliminatoria). Das bandas restantes, a que acadase un maior número de votos conseguirá un último óco na nosa final.
- O 10 de maio terá lugar a fase final, que se celebrará na alameda da Praza Castelao de Rianxo.
- Cada banda deberá presentar un programa musical de media hora (aproximadamente) para as clasificacións, e un programa de arredor dunha hora para a fase final.

### IV. LICENCIA DAS OBRAS

- Os/as participantes do concurso responderán persoalmente á lexítima titularidade dos dereitos dos vídeos, imaxes e música presentadas.
- A participación no concurso autoriza á organización a utilizar os vídeos, imaxes e música presentados e tomados en directo para a divulgación do concurso e dos grupos participantes en calquera medio que se considere oportuno. Para isto, os/as participantes facilitarán á organización a información ou elementos audiovisuais que se requiran.

### V. PREMIOS

- BANDA GAÑADORA: Actuación no Festival Rock in Rian 2025 + 500€ en metálico.
- BANDAS GAÑADORAS DAS ELIMINATORIAS: 100€ en metálico.
- 2º, 3º E 4º POSTO: Actuación no programa “Noites Vivas!” da Asociación A Moreniña de Rianxo, a decorrer entre o 12 e o 19 de setembro do 2025.

### VI. ORGANIZACIÓN

- A organización resérvase a facultade de interpretación e resolución de forma inapelable de calquera circunstancia non prevista nestas bases. O incumprimento das obrigas que impoñen as presentes bases poderá ser motivo de revocación dos beneficios desta convocatoria.
- Para calquera dúbida ou consulta: [emerxentesrockinrian@gmail.com](mailto:emerxentesrockinrian@gmail.com)



## AUTORIZACIÓN DE PARTICIPACIÓN DE MENORES NO IV CONCURSO DE BANDAS EMERXENTES ROCK IN RIAN

Eu, \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

Data de nacemento \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_ e-mail \_\_\_\_\_

Enderezo \_\_\_\_\_

Tlfo. \_\_\_\_\_ **MANIFESTO** coñecer as bases e condicións do concurso e **AUTORIZO** a que meu/miña fillo/-a **MENOR DE IDADE** con nome de

\_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ e data de nacemento \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_ participe no IV Concurso de Bandas Emerxentes Rock in Rian, celebrado de forma presencial entre o 5 de febreiro e o 10 de maio.

En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informamos de que os datos facilitados no formulario formarán parte dunha base de datos propiedade da entidade titular do evento, Asociación Cultural Festival Rock in Rian, e o seu uso será unicamente para a xestión do evento e o control das persoas participantes.

A persoa usuaria pode exercer os seus dereitos ARCO (acceso, rectificación, cancelación e oposición) en relación cos seus datos persoais dirixíndose por escrito e achegando copia do DNI a través do correo electrónico [emerxentesrockinrian@gmail.com](mailto:emerxentesrockinrian@gmail.com).

Tamén declaro eximir de calquera tipo de responsabilidade á asociación organizadora do evento polos danos ou prexuízos que o/a menor puidese padecer ou provocar, ademais de proclamarme responsable único das damnificacións mencionadas.

Declaro que se me informou da política de protección de datos e acepto o tratamento dos meus datos e os do/a menor ao meu cargo.

Mediante a firma do presente formulario, o proxenitor/a ou titor/a acepta todas as bases do concurso e autoriza á Asoc. Cultural Festival Rock in Rian a que os datos e imaxes dos/-as asistentes ao evento poidan ser publicados e/ou compartidos:

- Na web [www.festivalrockinrian.gal](http://www.festivalrockinrian.gal) e nas diferentes redes sociais do Festival Rock in Rian.
- En medios de comunicación.

### INCLÚO:

- Fotocopia dos **dous** DNI: do/a TITOR/A e do/a MENOR.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_\_

Sinatura do/a titor/a

Sinatura do/a menor